

OPINIÓN

Luisa Viqueira Landa



VICTOR F. FREIXANES
VENTO NAS VELAS

12 jul 2021 . Actualizado a las 05:00 h.



Comentar · 0

Na marea da semana pasada falei do **exilio republicano en México**, dos refuxiados do Ipanema, do labor que os exiliados galegos realizaron ata ben andada a década dos anos 60: entre outras empresas o Patronato da Cultura Galega, a audición radial **Hora de Galicia**, as revistas **Saudade, Loita, Vieiros**... Alí estaba Florencio Delgado Gurriarán, a quen a Academia dedicará o **Día das Letras Galegas** no ano 2022, e outros nomes que evocaba na travesía. Mais na lista de exilados só citada de paso unha muller, Ascensión Concheiro, compañeira e esposa de Francisco Comesaña, ambos os dous inspiradores da novela de **Manuel Rivas, O lapis do carpinteiro**.

E había máis. Bastantes máis. Na historia da loita democrática contra o fascismo, igual que en tantas outras cuestións, as mulleres son case sempre as grandes silenciadas, ademais de grandes vítimas. Aínda agora. Non hai máis ca ver a traxedia das que se botan ao mar coas súas criaturas, embarazadas en moitos casos dos seus verdugos, fuxindo das masacres de **África** ou de **Oriente Próximo**, mulleres na recente guerra dos **Balcáns**, as que cruzan o río Grande e os desertos de **Arizona**, as que sobreviven nos prostíbulos da Europa que non as sabe acoller...

Naqueles barcos dos refuxiados da **Segunda República** tamén había mulleres. E nas iniciativas da resistencia, que en moitos aspectos eran alento de dignidade. A filla de **Ascensión e Francisco Comesaña** aínda vive en **México, Mariángeles**, poeta. E aínda hai pouco que faleceu Luisa Viqueira Landa, filla do filósofo galeguista, **Xohan Vicente**

Luisa Viqueira Lanza (A Coruña, 1918-México, 2014), bióloga de profesión, tiña 18 anos en xullo de 1936. Xohán Vicente Viqueira falecera no 24. A familia pasaba os veráns no pazo de San Fiz de Vixoi, e alí os colleu a represión. Agochados na casa durante varios meses, coa axuda dos veciños lograron fuxir nun barco que os pasou a **Francia** e logo á España republicana, na compañía de varios nenos daquelas parroquias. Despois da guerra, Luisa formouse en Moscova, e de alí pasou a México, onde estaba a familia toda. Aurora Marco recolle a súa biografía, xunto coa da súa nai Jacinta, a súa tía (Viqueira López Cortón) e a súa irmá Carme, no excelente *Diccionario de Mulleres Galegas (A Nosa Terra, 2007)*. Era a voz feminina que locutaba no programa *Hora de Galicia* que se emitía todos os domingos dende a emisora XELF 1440, propiedade do ourensán Ramón Ferreiro. Foi cofundadora do Patronato da Cultura Galega de México (1953), militante do **Partido Comunista**, delegada do Consello de Galiza, fundadora da **UPG**... O seu nome figura como segredaria de redacción na revista *Vieiros* á par doutra muller da que tampouco sabemos case nada: Yolanda López.

Archivado en: México Día das Letras Galegas Manuel Rivas África Francia



Comentar · 0

También en La Voz

Guerra en Ucrania: Ucrania y Rusia negocian en Turquía tras el bombardeo ruso al hospital infantil de Mariúpol